

RUMBO² a TRAPPIST

EDLG ≡ IES San Clemente ≡ Santiago de Compostela

Rumbo² a Trappist

Equipo de Dinamización da Lingua Galega
IES San Clemente, Santiago de Compostela



Título: Rumbo nº 2

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega - IES San Clemente
Rúa San Clemente s/n - 15705 Santiago de Compostela - Galiza
www.iessanclemente.net/edlg

Licenza: creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0
Tes permiso para compartir este libro: copialo, distribuílo e transmitilo.
Podes transformalo, se o resultado final o distribúes con esta licenza.
Debes atribuír as obras aos autores.
Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais.
Cada autor ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras.

Website: www.iessanclemente.net/rumbo

Contacto: edlg@iessanclemente.net

Deseño editorial: Marcos Vence Ruibal

Revisión: Anxo X. Rajó Pazó

Ilustracións:

Portada: IoA/Amanda Smith

Páxina 7: Freelmages.com/alfonso diaz

Páxina 10: Marcos Vence Ruibal

Páxina 20: Freelmages.com/Laura

Impreso en Galiza: Creade - Santiago de Compostela

Primeira edición: Xuño 2017

ISSN: 2529-8798

Depósito Legal: C 809-2016



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

Segundo número da publicación "Rumbo"

Nesta publicación do EDLG pretendemos recompilar e dar visibilidade a todo o material que ano tras ano xuntamos grazas aos concursos (literario, de postais e de marcapáxinas) e aos certames de micro relatos e micro vídeos.

Lembrade que todos os membros da comunidade educativa tedes a porta aberta para publicar os vosos textos, opinións, reflexións, imaxes e ilustracións, sen maior pretensión que a de ter unha lembranza de cada ano escolar no IES San Clemente.

Animádevos a participar!

Rumbo a Trappist

En febreiro de 2017 os astrónomos anunciaron o descubrimento dun sistema planetario que podería albergar vida. A ficción científica, que tanto estimula a nosa creatividade (ver concurso de felicitacións), vaise facendo realidade paso a paso.

Nós continuamos o noso camiño creativo procurando o seguinte sistema planetario, real ou imaxinario.

Índice

VII Concurso de Felicitacións de Aninovo.....	4
II Certame de Micro Relatos.....	5
II Certame de Micro Vídeos.....	15
XXX Concurso Literario.....	16
VII Concurso Europeo de Marcapáxinas.....	22
Proxectos eTwinning.....	23
Presentacións.....	24

VII Concurso de Felicitaciones de Aninovo



Pablo Iglesias
Carbia

1º premio



2º premio

II Certame de Micro Relatos

Decisións - Marta Bastos Teijeira

Chega un momento na nosa vida onde temos que tomar unha decisión que sabemos que cambiará todo: saír da nosa zona de confort e literalmente "voar" ou quedarnos onde estamos e preguntarnos o resto da nosa vida que tería pasado se marcharamos.

Decidín facer as maletas e deixar todo atrás, áinda podo sentir o nó que tiña na gorxa ao despedirme da miña familia no aeroporto, case podía cheirar o medo que tiña a miña nai nese momento, podía ver as lágrimas que escondían os ollos do meu pai mentres me bicaba na fronte diante da porta de embarque... Desexei que se parara o tempo entre os brazos da miña irmá, que como sempre, parecía de pedra.

Máis de medio ano despois aquí sigo, con Irlanda baixo os meus pés. A morriña é a miña sombra, e neste país é moi sinxelo lembrarse de Galicia, compartimos a cultura celta e podes encontrar un trisquele pintado en calquera parte, algúns gaiteiros adozando as rúas da preciosa cidade de Dublín e, se tes sorte, encontrares Estrella Galicia no pub... e áinda que isto último non teña moito que ver coa cultura celta, imaxina beber unha "Estrella" escoitando unha gaita soar en O'Connell Street.

Fóra da miña casa aprendín moitas cousas, como que a distancia, ás veces, une moito más do que separa, e que falar coa túa familia tras un día duro e que che digan que están orgullosos de ti é o mellor de todo. Pero teño que dicir que son eu a que está orgullosa de ter unha familia como a miña, que seguen día tras día ao meu lado, áinda que haxa unha pantalla de por medio.

A costela de Adán - Antom Labranha

Dixéranlle que fora feita dunha costela de Adán. Materia ósea –pensou–, dura de roer. Despois falou con Deus, que fixera ao Adán con arxila, branda e maleable, á súa imaxe e semellanza. Porque non nos fixeches dun anaquiño de corazón? Desa maneira abondaría amar para sermos felices.

Cheia de melancolía, Eva botou as mans a un lado do costelar e percorreu as costelas: polgar, índice, medio, anular e maimiño... Ía pousando ensimesmada os dedos da man, seguindo unha orde estrita. Sen levantalos do sitio continuou descendendo coa outra man: polgar, índice, medio, anular e maimiño... Mantivo esta marcando os lugares, levantou a outra e buscou polo lombo as costelas que faltaban: polgar, índice, concluíu. Estaba ben magriña, o que lle facilitou o recoñecemento. Repetiu no outro lado do corpo, con idéntico resultado. Deslizando as polpas dos dedos pola pel, sentía os sucos ondulantes que as costelas debuxaban no tórax do seu corpo. Percibiu que a cada costela da esquerda correspondía unha da dereita, nunha perfecta simetría. Esta harmonía reconfortouna e, sumida nela, reconciliouse co Creador.

Talvez non fose consciente, pero o Número acababa de nacer. Ninguén puido, nesa altura, imaxinar as consecuencias que para a humanidade había ter tal descubrimento.


Volveu cabo do Adán, que durmía profundamente, alleo a tanta tribulación. Coitado, mira que quitarlle unha costela! –compadeceuno–. E no corpo del, Eva estreou o seu recente creado sistema de numeración. Sorpresa! Tiña doce costelas a cada lado.

Serán cabróns! –exclamou–. Vaia artimaña que nos montaron xuntos, homes e deuses, para facernos crer que eramos derivadas, secundarias, dependentes...

Entón decidiu comezar de novo a historia, a súa historia, e construírse a si propia. Sen prototipos, sen modelos. Pero non, non de arxila, que xa sabía que tal materia prima daba febles resultados, senón de po de estrelas: ceibe, lixeira, transparente...

A vida real - Inés Mirás Otero

A escuridade atrapábame, como se dunha declaración se tratara. As únicas luces que se podían ver eran as dos poucos móbiles que quedaban con batería. Eses móbiles que a xente quería desesperadamente, buscando poder falar con alguén para pedir axuda. Pero ninguén ía vir por nós. Ninguén se ía preocupar por nós. Ao fin e ao cabo, cando pasan estas cousas, ninguén ve por nós. Soamente ve o feito de quedar ben ao resto do mundo. E nós aquí, vendo os nenos morrer, a xente enfermar e todos con medo a morrer.



As granadas - Concepción Álvarez Rilo

Gústame o outono. É a estación do ano á que máis agarimo lle teño. Cando ás veces se esgota a calor sufocante do verán, e chegan as airexas doces e o cheiro das follas secas, cando se espallan polo chan deixando as árbores espidas, asemellando unha espiña vertebral, un esqueleto, vállame a comparación. Porque non é que non me comprazo o góticu, gústanme as historias de bruxas e meigas, a noite que se honran os defuntos. Gústame o outono porque é o comezo dun novo curso, e os cativos se preparan para iren á escola. Cido pensar que o outono marca un novo ciclo, un ciclo de esperanza e prosperidade á vez que de incerteza. Gústame cando arriban os bullotes e as granadas.

Eu teño en conta que, como se adoitaba dicir antigamente, son de bo dente, pero as granadas é un froito do cal xamais gocei. Eu non sei se lle tomei arrepío porque teñen nome de explosivo ou porque sempre fun unha inútil para pescudar de que condenado xeito se comían. Hei de dicir que nunca me preocuparon, pero un día tentei xantar unha, e decateime que ir debullándoas, e ir comendo gran a gran, semellábame dunha cachaza descomunal e optei por absterme. Arestora entendo que primeiro hai que debullalas e daquela servirse.

Curiosas as granadas... Non é que o seu sabor me desagrade pois correspón dese cun sabor fresco como o de toda a froita, de feito penso que unha macedonia é algo co que pode un deleitarse na época do estío. Pero curiosamente atopeime cunha alma senlleira, alguén a quen non lle gusta a froita de ningunha variedade. Só dúas veces na miña vida me deixaron coa boca non pechada e esta foi unha delas, a outra imposible de mencionar. Curiosa esa muller...

Un día calquera - Cristina Teijido Pena

Esperaba cos nenos no parque grande mentres os demais ían comprar. De súpeto, oíronse gritos, un camión sen control ía cara ao parque. O que recordo parece que foi a cámara lenta, corrín todo o que puiden cara aos nenos para apartalos da traxectoria do camión e despois todo fixose negro, non recordo o que aconteceu.

Espertei una semana despois no hospital, os médicos chamaron á familia e pronto chegaron todos con boas noticias, os nenos salváranse, estaba agradecida porque estiveran sans.


Pero cando chegou o médico, a súa cara delataba malas noticias. Ache goume unha cadeira de rodas e repetiume moitas veces que estivera tranquila porque tiña algo que dicirme:

– Tiveches un accidente, recordas? Deuche un bo golpe o camión. Fixemos o que estivo nas nosas mans pero ó final tivemos que... facer a amputación das dúas pernas. Síntoo.

En francés - Marcos Vence Ruibal

– Oíches? Unha vez lin unha historia pequeniña (non a entendín moi ben porque estaba en francés e moito francés non che sei...), que me gustou moito. En realidade era unha historia moi incómoda, sabes? Falaba dun rapaz ou dun home, non lembro, que estaba cheo de escoitar os laios dun vello que vivía na mesma casa, o avó, supoño. Non sei. A cuestión é que pola noite non podía durmir polas queixas do vello e chegou a pensar en matalo, que barbaridade! Aí estiven a piques de deixar de ler o conto, pero como era un "relato breve", pensei "haberá que acabalo, non?" Iso que me custaba un mundo ler en francés, procurando as palabras no dicionario... Estaba lendo no libro electrónico que ten o dicionario incorporado. É moi práctico... Jean-Luc, vai de aí, que estamos falando os maiores! Xoga con aquela nena! Desculpa, pois nada, o tipo pensando en como acabar co vello e eu agonizando na cama porque era un relato súper desagradable. Eu leo na cama, sabes? E ti? Ben, agarda que acabo: ao final afógao, esgánao, non sei que lle fai, que xa pasou moito tempo e non o lembro moi ben (tampouco o entendín moi, polo francés), pero mátao. E a sorpresa final (que todo relato breve disque ten que ter sorpresa final) é que non era un vello, era un loro! (ou algo así). De súpeto fascinoume o conto! Quen estaba a molestarlle pola noite era un loro vello! Que che parece? Eh? Eh?

– Désolée, mais... je ne parle pas Galicien...



Gabriela, loitadora - Leticia Fojo Ríos

Unha vez más atópome aquí sentada, pensando en ti. Non o podo evitar... Sei que xa non estás, mais áinda así non me afago á túa ausencia. Percorro cada recuncho deste maldito salón, antes tan cheo de vida, buscándote. Fuches tan egoísta, marchándote así, sen nin sequera un fugaz bico. Xa hai vinte e catro anos que os teus ollos non aluman o meu camiñar, pero só podo amar as túas sabias palabras, cheas de agarimo, estráñoche tanto querido papá... Non te quixeches despedir, porque as despedidas son amargas, cheas de bágoas. Preferiches calar e marchar sen facer ruído, para gardar só os bos momentos xuntos vividos.

Pero que egocéntrico querido papá fuches, non che preocupou que eu me quedase rota, esperando o teu último bico. Só iso un bico! Sei que non foi tampouco a túa elección, que te viches obrigado a irte. Que a morte nos leva, sen deixarnos elixir... Pero fasme tanta falta.

Ao longo da miña vida, necesiteiche tanto e áinda agora sigoche necesitando. Pregúntome que tería sido da miña vida se ti estiveses ao meu lado protexéndome. Quizais me apartarías desta mala compañía, que día tras día me tortura. Non deixarías que un maldito ser maltratase segundo a segundo á túa pequena.

Papá, hoxe escríboche estas liñas, porque xa non aguento máis este calvario. Quero escapar e botar a voar, pero as miñas ás están xa rotas. Tomei unha decisión e eu si que vou elixir... Elico volver ao teu carón para volver sentirme protexida ao teu lado. Moi pronto estaremos outra vez xuntos e recuperaremos os anos perdidos. Papá, despídome, moi pronto estaremos xuntos.

Gabriela atopábase na rúa, a choiva íaa mollando aos poucos, pero non se movía, xa non sentía nada. Xa non había dor, nin amor, nada, ela xa non sentía nada. A xente faláballe pero ela por máis que quería xa non podía responder. Por fin despois de todo ese sufrimento, todo rematou, xa non había máis tristeza nin dor. Cando viu a luz alegrouse de que todo acabase, por fin descansaría en paz. Xa nada a podería atormentar máis. Xa non había nada, nin dor nin soildade.

Ladaíña no camposanto - Damián Garrido Portela

Aquí na aldea sempre tivemos moito respecto polo estraño, o que sempre se fala polo baixo, cando a curuxa comeza co seu escuro canto e todo o corpo parece estarrecer ó escoitar esas historias.

O caso que conto sucedeu de verdade ou cando menos iso nos dixerá a miña avoa.

Era día de defuntos e nai e filla ían pasar a tarde no cemiterio acompañando ós seus falecidos, áinda non pasara un ano do pasamento do tataravó.

O atraso ó recollerse fixo que a noite caera axiña e tardasen en marchar. Sabéndose soas apuraron e cando se dispuñan a saír sentiron como se alguén falase, uns estraños rogos que non entendían, a miña avoa turraba pola nai para marchar, pero a curiosidade sempre traizoeira fixo que a vella volvese pensando que alguén precisaba axuda.

Camiñando no escuro entre nichos e candeadas acesas seguiron aqueles estraños laios e cando chegaron non foron quen de crer o que vían, dúas mulleres enloitadas flutuaban no aire a dous ou tres metros do chan movéndose cara aos lados namentres rosmaban unha ladaíña. O medo non lles permitiu mirar máis e arrepiadas correron para a casa coma alma que leva o diaño. Nunca máis viron a aquelas mulleres e nin sequera quixeron saber quen eran nin o que facían aquela noite cando todos marcharan xa de alí.

Meu pai interesouse preguntando a veciños, chegando a saber da existencia dunha tía e da súa sobriña que daquela facían conxuros, disque eran bruxas ilustradas en asuntos que os demais mortais non poderiamos imaxinar.

Finalmente, soubo que a tía namorara dun crego da parroquia, pero este morrera sendo moi novo. Cada noite de defuntos, axudada pola sobriña, invocaban o espírito do cura no nicho onde o enterraran. Quen sabe se foi o que viron aquela noite miña avoa e a súa nai?

Síndrome - Carme Otero

- Bo día, Maruxa.
- Bo día, doutora.
- Véxoa moi ben. Cónteme, a que se debe a súa visita?
- Pois... como comezar? Nunca me pasou tal. Tampouco é que sufrixe moitas doenças até hoxe. Unha existencia fácil, si, é certo. Só aquilo da síndrome da bata branca coa que tanto me ría. Iso da asasina invisíbel. Lémbrase? A miña amiga hipertensión que agora, día si e día tamén, mato eu antes cun comprimido cómplice. Todo corría ben, fácil, todo fluía... até que, de súpeto, veume o mundo enriba. Mellor dito, o universo do abecedario enriba. Como llo explico para que non me mande directamente a Conxo? Hai tres días que as letras me viraron as costas, reveláronseme e xa non dou vogal con consoante. Agora porque estou a falar con vostede, pero se teño que escribir isto mesmo que sae da miña boca... buff... sería un tremendo caos. A insoportábel levedade do alfabeto. Parece mentira: o más problemático, as nasais. Mire que vai frío e ando cunha catarreira bestial. Pois, caramba...nin eme antes de be nin grupos cultos. Amnesia total. Como se a miña ortografía toda marchase a por tabaco sen retorno. Caracteres e más caracteres que non son quen de artellar no papel. Unha xaqueca alfabética que mete medo. Que dicirlle dos signos de puntuación!: exclamaciós, puntos e comas ou calquera outro grafismo... Interrógome cada dous por tres a onde é que emigraron. Será que a miña mente tamén está en crise? Doutora, faga o favor de receitarme algo. Non podo soportar esta vida disléxica.
- Polos síntomas está claro, Maruxa. Con todas as miñas letras de médica, en maiúsculas, grossa e subliñado: **PÁNICO Á FOLLA EN BRANCO**. Estaría ben que comezase cunha medicación branda. Por exemplo, escriba un microrrelato de 300 palabras, de tema libre e sempre en galego...

Volver atrás - Anxo Rajó Pazó

Escoitei a primeira chamada do voo internacional cando tomaba o segundo café da mañá. Almorzara, como adoitaba, diante da xanela que daba cara ao xardín da casa de meus pais. Era outono e chovía, quizais iso áinda engadía máis saudade aos meus pensamentos.

E non paraba de matinar naquela imaxe da miña infancia.

Collín novamente a xícara e tomei sorbo a sorbo o café que, quente coma o inferno, baixaba engordiño pola gorxa. Sentía no estómago os nervios da viaxe e ao meu maxín viñeron, como as ondas do mar que petan nas rochas, as imaxes das maletas aliñadas no corredor, as facianas de anguria dos meus pais, a ollada indescribible e calada da miña irmá, o meu canciño...

E non paraba de matinar naquela imaxe da miña infancia.

Apertei con toda a força do mundo a pequena maleta que levaba, gardei o móbil no peto interior da americana, axustei o colo da camisa e alí fun, decidido e valente. Algo, non sei, quizais unha forza interior descoñecida en min, impedíame volver atrás, derrubarne sobre as miñas pernas, esvaecer...

E non paraba de matinar naquela imaxe da miña infancia.

Na pantalla da plataforma de acceso ao avión debuxábanse con luces vermelhas as letras do meu destino: Düsseldorf. Suspirei novamente, desta volta máis intenso áinda, e logo dunha vintena de persoas que me precederon, amoseille o billete á azafata que sorría sen parar. Unha vez dentro sentei e aferreime fortemente á maleta, apertando os dentes.

E non paraba de matinar naquela imaxe da miña infancia, aquela do libro de texto de literatura galega na que un home e un rapaz choraban pola marcha dun familiar cara á emigración. E, como posuído polo diaño e diante da mirada atónita dos pasaxeiros, berrei: "Claro que vou volver, recontra, claro que vou volver!"

II Certame de Micro Vídeos

No segundo certame presentáronse doce traballos, dos cales sete foron seleccionados e publicados nesta lista de YouTube:

tinyurl.com/certame-2017

A screenshot of a YouTube channel interface. The main video player shows a landscape scene of a body of water under a cloudy sky. To the right, a sidebar lists the "2º Certame de micro vídeos - Trabajos seleccionados" with the following details:

Rank	Title	Uploader
1	orzo	Equipo de Dinamización da Lingua Galega
2	Coída a natureza - Christian Sayáns Suárez	Equipo de Dinamización da Lingua Galega
3	Desfile de Entroido - Alejandro Buján Pampín	Equipo de Dinamización da Lingua Galega
4	O mellor amigo do home - Carlos Figueroa Rodríguez	Equipo de Dinamización da Lingua Galega
5	Polo Pedroso - Tamara Fontán García	Equipo de Dinamización da Lingua Galega
6	A auga, un ben de todos - Román Arufe Blanco	Equipo de Dinamización da Lingua Galega

The video player controls at the bottom indicate the video is at 0:15 / 1:28.

XXX Concurso Literario

1º premio na modalidade de poesía

Parto na pedra - Adrián Riveiro Rodríguez

Vén polo vento o xiар do tormento no lar
vén miudiño pero vai de pouquiño a máis
vén polo vento o xiар dun lamento sen nai
vén cun meniño e cun mar de cariño
pero vén só cun pai.

2º premio na modalidade de poesía

Ser - Eliseo Bao Souto

Ser, que serei?
Só son cando non son.

Ando á procura dunha saída,
que me permita estourar,
que me permita ser.

Curto parece o camiño
das verbas ao ar,
mais non atopei aínda
máis perigosa estrada.

Respira.
Un, dous, tres.
Xa está.

Cinza somos.
E cinza seremos.
No querer ser,
non fomos máis ca lume.

Accésit na modalidade de poesía

O afastado da soildade - Damián Garrido Portela

Na noite da soildade sentinme libre
dos lazos que cercaban meus días opacos
como un río turbio que non tiña fondo.

Na sinistra tranquilidade da noite cando os
cans en vixía velan nosos soños.

Busquei palabras novas para esquecerme do peso do
camiño cercando as pedras da incerteza dun día
que áinda estaba por vir.

Atopando as respostas a aquelas preguntas que xorden
cando nada do cotián permaneceu dentro porque xa todo
quedou tranquilo no máis fondo onde non se mira.

Sentindo o peso das horas mortas cando uns poucos tamén
consolan a súa loucura con debuxos de sorrisos que desexan atopar.

Pretendendo o sentido de algo áinda non atopado por tantos e procurado
por moitos, o punto xusto para comprender o equilibrio entre o bo e o
malo.

O desexo de comprender as deficiencias da alma subxugada do perdón sen
rancores, do odio de balde, do ofrecer sen pedir máis a cambio.

Abstraéndose para liberarse coma un camiño cara ao entendemento dun
mesmo.

Coñecer os teus medos para comprehendelos e loitar contra eles.
Rebelarse ou morrer no intento.

1º premio na modalidade de relato

Escribindo unha vida - María Inés Mirás Otero

Escribes unhas poucas palabras e ao pouco xa as estás a borrar outra vez. Volves escribir outras poucas e outra vez as borras. Miras o teito, suspiras e sopras. Nada che convence. Nada che agrada. Acaso toda a inspiración foise coa primeira novela? Acaso xa non quedaba nada que inspirase, que motivase?

Paras ao camareiro que pasaba ao teu carón e pídeslle outro café. Pero que este estea mais cargado có anterior.

Fóra do bar, a xente empeza a correr ante os primeiros sinais da tormenta que se estaba a aveciñar, e pouco a pouco a rúa vai quedando deserta. Volves ao teu e segues vendo unha páxina en branco que parece brillar diante túa.

Estás a punto de tirar a toalla cando unha moza chama a túa atención. Ten a súa melena pegada á cara e do seu gabán discorrían ríos de auga que mollaban todo o piso. Case parecía que acabase de saír da ducha.

Só precisabas diso. De algo que te chamase a atención para empezar a escribir coma un demo. E sen darte conta de canto tempo pasou, encóntraste que conseguiches rematar o primeiro capítulo.

Ao levantar a vista ves que a moza que entrara antes está sentada na barra mirando unha e outra vez o reloxo, mentres de vez en cando mira para a porta. Nese intre entra con paso decidido un home que emana malas sensacións só con velo. Non é que estivese mal vestido, ou que camiñase de mala maneira. Pero tiña un algo, un algo que che dá mala espiña cando o ves.

Ves como o home empeza a discutir coa moza e como a moza empeza a mirar en todas direccións, desexando que ninguén sexa cómplice do que está a suceder. Pero as vosas miradas crúzanse. Na súa mirada notas como pide que alguén a saque dessa situación. Entón ti, sen saber moi ben o que fas nin en que te estás a meter, levántastate e diríxeste na súa dirección.

– Vamos, fáisenos tarde e estannos a esperar.

O home que estaba a discutir coa moza mírate con cara de poucos amigos mentres que ela se levanta e vai xunta túa.

– Teño que irme, Edu. Xa falaremos noutro momento.

O home agárraa do brazo e tira dela pero vendo que a xente estaba empezando a fixarse en vós, sóltaa e marcha todo enfurecido.

– Grazas. Moitas grazas.

A moza apértase a ti e repite unha e outra vez as mesmas palabras. Ti, sen saber moi ben o que facer, apértala tamén por inercia. E dislle que de momento todo está ben. Que ti non lle vas facer nada. Mírate cos ollos brillantes e sorrí.

– Chámome Sara.

2º premio na modalidade de relato

Recordos - Cristina Teijido Pena

Eu era moi pequena, non recordo moi ben que idade tiña, debía ter uns 5 ou 7 anos, un día que fomos á praia. Recordo o son das ondas do mar, a calor na praia... Recordo a meu pai.

Poucas veces ía cos meus pais á praia, sempre estaban traballando, pero ese día era o noso momento. Recordo xogar na area sen pensar no tempo, sen pensar se tiña fame. Ese día meu pai e eu construímos una barca de area, era perfecta, tiña asentos, cunchas decorativas e realmente parecía que estabas nunca barca cando sentabas.

As ondas eran enormes e miña nai non quería que fósemos á auga, creo que había bandeira amarela, pero aínda así recordo ir con meu pai da man directos ao mar. Esas ondas viñan ameazantes cara a nós, tiña medo porque eran más grandes que calquera adulto da zona. Mergullabámonos na onda e eu notaba a forza da auga levarme a onde ela quería, pero sempre volvía saír á superficie grazas a que meu pai me tiña ben agarrada, era meu salvador.



Anos despois, cando tiña 13 anos máis ou menos, recordo madrugar para ir de pesca con meu pai, ía frío e estaba moi cansa, pero gustábame moito estar con el. Aínda que non conseguiamos pescar nada sempre tiña a paciencia de seguir ensinándome para facelo mellor. Sempre me facía rir. Ensinoúme a apreciar os momentos tranquilos.

O tempo foi pasando, canto más medraba eu, menos tempo pasaba xunto a meu pai. Xa non había pesca nin praia, xa non había tempo. Pasaron moitas cousas, que nos deixara meu avó foi moi duro, dende aí, todo foi a peor tanto na familia como nos meus estudos.

Sempre quixen que meu pai se sentise orgulloso de min, pero ás veces tiña a sensación de que era ao contrario, sobre todo nos estudos.

Hoxe, xa non estamos tanto en contacto, sei que se o necesito estará aí, aínda que xa non sexa o mesmo de antes. Non hai día que non me acorde del porque me ensinou moitas cousas, sobre todo a loitar polo que un quere.


Sigo querendo que se sinta orgulloso de min, aínda que non estea coma antes.

VII Concurso Europeo de Marcapáginas

Este ano participaron tanto no concurso, como no proxecto eTwinning Letras Galegas 2017, sete centros educativos galegos e estranxeiros.

Dúas alumnas do IES San Clemente gañaron os dous primeiros premios:

1º premio: Ana Fernández Prol



2º premio

Sonia Seijo Oubel

Proxectos eTwinning

O EDLG coordinou moitos dos proxectos eTwinning desenvolvidos durante o presente ano lectivo, por exemplo:

- Sexta edición de ***Pek, a Pulga Viaxeira***. Oitavo ano deste proxecto no que as lingua de traballo son, en igualdade de condicións: galego, francés, portugués, italiano, checo, grego e inglés.
- Séptima edición de ***Christmas Card Exchange***, grazas ao cal as postais en galego do noso alumnado viaxan a centros de toda Europa.
- Séptima edición de ***Letras Galegas***, proxecto que conseguiu o Selo de Calidade eTwinning en Francia, Italia, Polonia e Portugal, que trata cada ano sobre a obra dun autor ou autora de Galiza.
- ***Green Spots in Town***, pertencente ao programa Lanzadeiras Coruña, do Plan Eduemprende. Alumnado de ASIR, coa súa empresa ToxoSoftware, creou un sitio web trilingüe (galego, grego e inglés), para o seu cliente Sporakia.
- Tradución e lanzamento da versión en galego do libro ***Proxectos eTwinning Galiza-Portugal***.

Podes ampliar información sobre os proxectos eTwinning do IES San Clemente nesta ligazón:

www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning



Conferencias, presentacións e exposicións

Neste ano colaboramos co IES Nº1 de Ordes, co IES Espiñeira de Boiro e co CEIP de Sestelo-Baión na organización das seguintes actividades:

- Presentación: Galiza, un país de cinema.
- Presentación e exposición: A cor da area.
- Exposición enREDada: As laranxas máis laranxas.



www.iessanclemente.net/tag/presentacions_edlg



Tamén fomos sede das seguintes conferencias:

- Xeoloxía de Galicia.
- O galego é un mundo.
- OPS! (O Português Simples) 2016.
- Estratexia, mercadotecnia e xestión.



www.iessanclemente.net/tag/conferencias_edlg

